

Ollos de bruma

Nas vertixes do cosmos



ROMÁN RAÑA

Xavier Lama (Guntín, Lugo, 1962) é autor de *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, obra gañadora do XXVI Premio Esquíu de poesía. Este fermoso e suxerente título dá as claves para ir entendendo o seu contido: os tigres representan a pulsión animal, a paixón, remiten a Borges que vía na súa pel o binomio que compón o universo (e a Yeats que o usou para outorgar exotismo a algunha das súas composicións); mentres que Fausto representa o afán xermánico de coñecer e dominar o cosmos, de perdurar alén da morte nesa ansia de inmortalidade que leva á condenación, como Ícaro cando queimou as súas asas de cera por querer ascender á altura do sol e acabou esnafrándose contra a dura realidade da terra, a súa morte.

Xavier Lama xoga con todas estas referencias culturais nos seus primeiros poemas, os máis logrados do conxunto. É aquí onde comparece o mencionado Ícaro e un Goethe crepuscular que se identifica con Nabokov e que culmina con versos de estarrecedora melancolía:

“¿Non sabes que o corazón é un caramello licuado/que sorbe ela, dolores-lola-lolita,/como o tempo sorbe os pasos xa apodrecidos/de toda unha vida?”, onde un home xa maduro, nas proximidades da ancianidade, descobre e sente que a vida se lle escapa mentres o desexo o calcina nunha vella reencarnación de Eros e Tanatos vertixinosamente próximos.

Seguindo este ronsel temos “L’idiot de la famille (ou epifanía do fracaso)”, o máis álxido poema do libro: “Déixame ser o fracasado,/o que foxe do banquete como foxen os cervos dos lobos”. O eu lírico desexa un corazón en liberdade, mergullado nas profundidades do desexo e ebrio de loucura e desatino. Despois o poeta congrega no seu peito paradoxais pasividades, rumia entardeceres de pintores (Hopper e Vermeer como telón de fondo) con imaxes que aspiran a fundirse en atmosferas transcendentales. Curiosamente, moitos nomes aparecen incorrectamente escritos (vontade de ironía ou simples grallas?): Hölderling/Holderling, por Hölderlin; Heiddeger, por Heidegger; Shopenhauer, por Schopenhauer; etc. A cuarta parte do poemario, “Facedores de luz e tempo”, acaba sendo unha combinación rotatoria dos elementos antes prodigados nas outras seccións.



LAMA, Xavier, *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, Caixa Galicia, Ferrol, 2007, 79 páxinas.